

# LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º BAC

Contidos do 2º exame do 1º trimestre, ano lectivo 23-24

## Os amores na literatura medieval

### 1. O contexto e as cuestións xerais

#### 1. As orixes: a tradición provenzal

##### Foco: cortes nobiliarias provenzais

Desde o s. XII desenvólvese nas cortes nobiliarias da Provenza unha lírica moi refinada en lingua romance, baseada no "amor cortés". É o foco inicial da cultura trobadoresca.

##### Cultura trobadoresca: ao servizo da dama

Grazas a unha certa prosperidade desde o s. XI, as clases privilexiadas van poder adicarse ás artes. As composicións poéticas responderán ao amor cortés: a translación da relación de vasalaxe feudal ao código amoroso. Esta moda provenzal estenderase por boa parte dos reinos de Occidente.

##### Vías de penetración

A difusión dos modelos provenzais foi posíbel grazas á ruta do Camiño de Santiago, aos contactos entre nobres dos distintos reinos e ao maxisterio dos monxes de Cluny.

##### Desde a cultura propia do Reino de Galiza

A cultura trobadoresca emerxe por influxo provenzal nas terras da 'Galecia antiga' (reinos de Galicia e de Portugal) a finais do s. XII. Integrará e estilizará ao tempo as cancións propias de base popular con protagonismo feminino.

### 2. O ámbito xeográfico: Reino de Galiza, centro de poder

#### Unha clase dirixente propia poderosa

Ata o s. XII Galiza tivo reis propios (Afonso VII coroouse en Compostela en 1111), Compostela foi capital e centro eclesiástico (Xelmírez liderou a Era Compostelá) e a nobreza galega mantería no resto da Baixa Idade Media boa parte do seu poder. Portugal erixiuse como reino en 1128.

#### Unha cultura de prestixio. O esplendor cultural da Era Compostelá

O desenvolvemento económico e o labor do bispo Xelmírez converten Compostela nun centro de poder e en referente cultural europeo (como mostra a arte románica). Nese contexto, tras a Era Compostelá (s. XII), eclosiona o trobadorismo galego.

#### Unha lingua adscrita á lírica nas cortes de todo o occidente peninsular

A poesía trobadoresca galego-portuguesa atinxirá un alcance hispánico. Cultivarase en cortes señoriais e reais de gran parte da península e farase en galego. Así, temos trobadores casteláns (como García Buralés), aragoneses (como Martín Moxa), etc.

### 3. As etapas

#### Etapa primitiva (pre-trobadorismo e período preafonsino)

Aínda que se constatan contactos con trovadores occitanos e debeu existir un repertorio xograresco desde mediados do s. XII, non se conservan textos do período pre-trobadoresco. A cantiga máis antiga conservada é "Ora faz ost'o senhor de Navarra", de Johán Soares de Paiva, de 1197~1200.

Desde finais do XII ata 1245 desenvólvese a etapa de difusión inicial. Nesta altura troban Pero da Ponte ou Bernal de Bonaval.

#### Etapa de esplendor: períodos áureo e arxénteo e de recompilación

De 1245 a 1354. Correspóndese cos reinados de Afonso III en Portugal, de Afonso X en Galiza, León e Castela (subetapa afonsina) e mais co de Don Dinís (subetapa dionisiaca). Ademais dos reis, troban poetas como Johán Airas, Martin Codax, Meendinho, Airas Nunes, Paio Gómez Charinho ou Johán Zorro.

Posteriormente, D. Pedro, o conde de Barcelos, será o mecenas máis destacado e a el débese a recompilación do (non conservado) *Livro das cantigas*.

#### Etapa de decadencia

Desde mediados do s. XIV éntrase nunha etapa de decadencia. Os últimos trovadores conforman a Escola galego-castelá, con poetas bilingües como Macías o Namorado.

### 4. Os códices

Consérvanse algo máis de 1680 textos, compostos por 150 poetas. Chegaron a nós a través de diferentes manuscritos. Tres foron escritos durante o propio ciclo trobadoresco (os manuscritos "contemporáneos") e o resto son copias ("apógrafos") do s. XVI de códices hoxe perdidos.

#### a) Os manuscritos contemporáneos. Compostos durante o período trobadoresco.

**Cancioneiro da Ajuda:** un ambicioso proxecto

Consérvase no Palácio da Ajuda, en Lisboa. Procede da corte de Don Dinís e está moi elaborado. Pero é un proxecto sen rematar: contén 310 cantigas, todas de amor, e carece de asignación autorial e de notación musical.

**Pergamiño Vindel:** unha xoia en folla voandeira

Coñécese desde comezos do s. XX e consérvase en Nova York. Recolle sete cantigas de amigo de Martin Codax, acompañadas seis delas de notación musical.

**Pergamiño Sharrer:** máis que un resto

Descuberto en 1991, está na Torre do Tombo, en Lisboa. Contén fragmentos de sete cantigas de amor de D. Dinís, acompañadas da música. Suponse que é un resto do *Livro das trobas de El-Rei D. Dinis*, cancionero perdido.

#### b) Os apógrafos: copias tardías realizadas por eruditos italianos do Renacemento -dirixidos por Angelo Colocci-, que carecen de notación musical e conteñen lagoas.

**Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa**

É a maior recompilación, con 1647 cantigas de todos os xéneros. Trátase dunha copia indirecta do *Livro das cantigas*.

**Cancioneiro da Vaticana**

Contén 1205 cantigas, todas tamén presentes no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa.

## 5. Os axentes

**Trobador:** o gran creador

Poeta e compositor nobre. Pertence a unha nobreza refinada que nos seus pazos e castelos se reúne na procura de novas formas de entretemento. Cítanse nos códices polo nome e apelido (como Paio Gómez Charinho).

**Xograr:** multifacético

É o intérprete das cantigas, mais pode pasar a ser tamén compositor, cando menos como reelaborador das tradicionais de amigo. O "atrevemento" na creación provocou burlas dos trobadores. Meendinho é un exemplo de xograr presente nos Cancioneiros.

**Segrel:** profesional

Artista profesional membro da baixa nobreza. Interpretaba as súas propias composicións e cobraba por iso. É o caso de Bernal de Bonaval.

**Menestreis, soldadeiras...**

Forman parte do espectáculo trobadoresco / xograresco. A vida licenciosa das soldadeiras está presente nas cantigas de escarnio, fronte a idealización da dama nobre.

## 2. O Cancioneiro profano amoroso

### 2.1. A cantiga de amigo

#### Orixe e trazos definitorios

- Ten orixe autóctona popular. Adapta as cancións de muller tradicionais.
- O falante lírico adoita ser unha moza namorada.
- A palabra amigo está presente en practicamente todas as composicións deste xénero.

#### Contido

- Transmite unha diversidade de sentimentos amorosos. Os temas adoitan ser:
  - o **desexo** de ver o amigo
  - a **alegría** do reencontro
  - o **lamento** da rapaza pola ausencia do seu amigo
  - o **enfado** co namorado
- Emprega unha rica simboloxía, especialmente de elementos do contorno natural. Pódense apreciar [nesta imaxe](#).
  - Así, a **auga** representa a fecundidade, o **cervo** é o namorado viril, o **mar revoltado** transmite a paixón amorosa, etc.
  - Tamén se achan elementos corporais con valor simbólico, como os **cabelos** da moza asociados á virxitude.
  - **Lavar cabelos** (e lavar camisas) interprétase como disposición ao encontro.

## Tipoloxía

- Atopamos catro subxéneros segundo as temáticas e os ambientes.
  - A **mariña** ou barcarola ten escenario marítimo
  - A **bailada** é un convite ás amigas a bailar ante a chegada do amigo
  - A **alba** (excepcional) confórmase como despedida dos amantes ao mencer
  - A cantiga **de romaría** desenvólvese nun marco relixioso popular, como unha ermida
- Distinguimos, ademais, tres tipos de cantigas de amigo segundo a enunciación.
  - As **narrativas** son aquelas nas que a moza é un personaxe, non o falante lírico (“Levovs'a louçana...”).
  - As cantigas **monologadas** son aquelas nas que propiamente se transmite a voz da moza; pode dirixirse a confidentes: amigas, irmás, flores, etc.
  - Algunhas composicións son **diálogos**, con intervención da rapaza e da nai ou da rapaza e un elemento da natureza.

## Recursos formais

- Contribúen a crear un ritmo marcado tres recursos de repetición: o paralelismo, o leixaprén e o refrán.
  - O **paralelismo** (perfecto ou literal) consiste na repetición con variantes, en cada par de estrofas, dos versos que ocupan a mesma posición. As variantes sitúanse no final dos versos e derivan sobre todo do uso dun sinónimo (ou expresión equivalente) ou ben do cambio de orde das palabras.
  - O **leixaprén** (deixa -un- e colle) é a repetición do segundo verso de cada estrofa como primeiro da estrofa posterior á seguinte.

## 2.2. A cantiga de amor

### Orixe

- Ten orixe culta ou cortesá. A súa base é a cançó provenzal.
- Mais, aínda que nace por influxo da cançó, presenta trazos propios de acordo coa sociedade galego-portuguesa. Os principais son:
  - A dama, casada ou solteira, está idealizada, sublimada.
  - Deste xeito, a descrición da *senhor* é inconcreta, límitase a certos trazos xerais (agás excepcións como os "olhos verdes" que apunta García de Guilhade).
  - Hai unha ausencia de referencias espazo-temporais, a natureza non está practicamente presente.
  - A dama móstrase indiferente e mesmo irada e vingativa.
  - Transmítese constantemente o tópico da coita e morte por amor, pois este nunca é correspondido. Aínda así, tamén podemos atopar cuestionamento do tópico (por exemplo, Gómez Charinho afirma: "quería-me lh'eu mui gran ben querer, / mais non quería por ela morrer").

## Identificación e destinatarios

- O falante lírico é un poeta namorado dunha dama nobre.
- É común que estea presente ao inicio da composición a palabra *senhor*, coa que se denomina a dama.
- Hai un uso frecuente da apóstrofe (a Deus, á senhor, aos amigos, ao Amor...).

## Contido

- O sentimento amoroso é produto da convención do amor cortés: a relación é de vasalaxe, o trovador é un servo da súa dona e debe amosar discreción, sen identificala. [Visualízao aquí](#).
- Distínguense catro grandes temas ou campos temáticos:
  - a **gabanza da dama** (da perfección da dona nobre inalcanzábel e idealizada)
  - o **amor do poeta** (nunca correspondido)
  - a **reserva da dama** (a indiferenza que esta amosa)
  - a **coita de amor** (o sufrimento ante o rexeitamento, que pode chegar á perda do sono, á loucura ou ao desexo de morrer).

## Clasificación

- Hai dous tipos de cantigas de amor segundo a súa composición: de refrán e de mestría.
  - As **de refrán** conteñen versos finais como retrouso. Este recurso de base popular vai acompañado ás veces de paralelismo.
  - As **de mestría** teñen maior variedade ao non incluír refrán. Adoitan ter tres estrofas (cobras) de sete versos.

## Recursos formais

- Os principais recursos de repetición son o dobre e o mordobre e os de ligazón son a finda e a atá-finda.
  - O **dobre** é a repetición dunha palabra en lugares simétricos da estrofa.
  - O **mordobre** é a repetición dun lexema en lugares simétricos da estrofa.
  - A **finda** é unha pequena estrofa final a modo de conclusión.
  - A **atá-finda** son encabalgamentos de cobra a cobra (o verso final dunha segue na seguinte).
- Non son estes os únicos procedementos formais frecuentes. Empréganse tamén:
  - **hipérboles** (*máis que todas las do mundo val*),
  - **paradoxos** (*cuidand'en vós houv'a morrer assí / e cuidand'en vós, senhor, non morrí*),
  - **metáforas** (*a que tenh'eu por lume destes olhos meus*),
  - **antíteses** (*pois meu mal é quanto ben vós havedes*).
- Cómpre considerar tamén a clasificación das cobras segundo a rima, que en todo caso segue o mesmo esquema en todas as estrofas:
  - **Unisonantes**: idéntica rima en todas as cobras.
  - **Singulares**: con distinta rima en cada cobra.
  - **Dobras**: mesma rima cada par de cobras.
  - **Alternas** ou alternadas: unha rima nas cobras pares e outra nas impares.

# Do amor á morte nos Séculos Escuros, na Ilustración e no Prerrexurdimento

## 1. Os Séculos Escuros e a Ilustración

Os séculos XVI e XVII (e mesmo o XVIII) coñécense como Séculos Escuros, pois non se dan as condicións socioculturais para contar con poderes e institucións que impulsen e apoien a creación e publicación en galego. Así, esta redúcese a algúns restos que se produciron sobre todo a partir de circunstancias históricas. Iso si, mantense unha rica literatura popular transmitida oralmente.

Entre os restos literarios dos séculos XVI e XVII destacamos (para alén doutros textos de dimensión social que veremos noutra secuencia) catro sonetos renacentistas e barrocos:

- a) Dous de temática amorosa atribuídos a Diogo Bernardes: o "Soneto de Monterrei", [un diálogo do falante lírico cunha pastora no que el evita entregarse á coita amorosa](#), e mais "Porque me faz amor aínda acá torto?", queixa ante o Amor que só produce sufrimento.
- b) O "Soneto con falda", de Xoán Gómez Tonel, e o "Respice finem", de Vázquez de Neira, ambos escritos con motivo da morte da raíña Margarida de Austria en 1612. Constitúen, daquela, prantos con laudatio, mais o segundo texto transcende este xénero ao abordar o poder igualatorio da morte.

No s. XVIII a Ilustración tivo tamén un papel relevante na creación literaria. Na temática que nos ocupa sobresaen:

- Xosé Cornide Saavedra, de quen se conservan varias décimas e o soneto de entrega amorosa "A Filida".
- Francisca de Isla e Losada, de quen nos chegou un romance de 1775, un laído tras a morte do marido.

Cómpre considerar tamén que nestes séculos a literatura popular, nas súas diferentes manifestacións, ten especial protagonismo. Nunha das súas formas estróficas inspírase a maior obra literaria en galego do XVIII, o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, do Padre Sarmiento, de 1746. Son 1201 coplas ao estilo popular.

## 2. O Prerrexurdimento

### Primeira fase do Prerrexurdimento (desde inicios do século ata 1836)

Publícanse nesta altura sobre todo escritos de carácter ideolóxico e propagandístico -que veremos no seu momento- en relación con dous feitos históricos: a guerra ante a invasión francesa e a pugna entre liberais e absolutistas.

Mais tamén aparece xa un autor de relevo na liña dos precursores, **Nicomedes Pastor Díaz**. Destacamos entre a súa produción:

- "A Alborada" (1828), un poema amoroso, idilio case maternal de dous mozos que pasan a noite xuntos.
- "Égloga de Belmiro e Benigno", estanzas de 14 versos protagonizadas por pastores que dialogan sobre as tristuras do amor. Belmiro sofre mal de amores e Benigno convénceo para que volva á aldea. Como é propio das églogas, exáltase a vida feliz do campo. Publicouna Álvarez Blázquez a mediados do s. XX.

### Segunda fase do Prerrexurdimento (de 1836 a 1862)

Xorde a xeración dos Precursores, autores relacionados co Provincialismo e que publican textos dispersos en xornais, revistas e folletos ou teñen obra non monolingüe (Pintos: *A gaita gallega*). Cultivan a liña temática do amor os seguintes.

#### Alberto Camino.

- Destacan as súas composicións elexíacas: "Nai chorosa" (unha nai chora a morte dun fillo) e "O desconsolo" (un home laméntase da morte da súa moza).

#### Francisco Añón.

- Crítico coas inxustizas da sociedade do seu tempo, polo que estará case permanentemente exiliado, cultivou de preferencia poesía social, costumista e satírica.
- Dentro da súa poesía intimista ten especial valor o soneto "Amor apresurado", con presenza do Carpe diem.

En 1862 finaliza esta etapa coa publicación do volume *Álbum de la Caridad*, que recompila textos dos Xogos Florais da Coruña (1861). Pode considerarse a primeira escolma de poesía galega moderna. Organizada por Antonio de la Iglesia, nela recóllense composicións de 40 poetas: desde os precursores ata Rosalía de Castro ou Pondal.

# O sentimento amoroso no Rexurdimento

## 1. Rosalía de Castro

### 1. Unha figura singular e universal

- A súa obra reflicte a cosmovisión dunha muller culta que non se someteu aos roles sexistas do patriarcado.
- Percíbese unha voz contestataria ante as ideoloxías dominantes, desde o uso literario da lingua galega ata a consciencia das inxustizas sociais.
- Rosalía impulsou o sistema literario galego e fíxoo superando as barreiras temáticas e estilísticas redutoras.
- A súa escrita transmite un pioneiro pensamento feminista, anticapitalista, solidario coas que sofren a historia e galeguista.

Deixamos para outra secuencia a súa poesía socialmente comprometida, mais cómpre ter en conta que a clasificación íntimo / social é simplificadora e achamos moitos textos nos que ambos os aspectos están plenamente imbricados. Rosalía fainos ver que a psique e as emocións están condicionadas polo contexto da comunidade e conségueno dándolle voz a múltiples protagonistas: as que padecen a soidade por mor da emigración, as que non poden entregarse e só suman penurias ante unha vida precaria, etc.

### 2. A liña intimista rosaliana

Rosalía tece un enorme abano emocional e reflexivo, e faino desde un intimismo radical. O seu profundamento na mente e na existencia outórgalle un valor senlleiro e universal.

#### 2.1. *Cantares gallegos* (1863)

As temáticas etnográficas, sociais e patrióticas (ou sexa, non intimistas) dominan amplamente esta obra. Hai, aínda así, dúas excepcións principais:

- A) A presenza do amor como queixa ou laio, mais tamén como mostra das imposicións do amor romántico ou a consciencia dos límites da atracción e as formas do patriarcado.
- B) Os poemas introspectivos de saudade e de soidade (“Campanas de Bastabales”, “Como chove miudiño”) que adiantan perspectivas presentes en *Follas novas*.

#### 2.2. *Follas novas* (1880)

- O desacougo, o cansazo existencial ou a reflexión sobre a escrita caracterizan o libro primeiro, *Vaguedás*.
- O paso do tempo, o desamor, a perda da ilusión, a imposibilidade de ser feliz ou a procura de liberación para o sufrimento conforman *Do íntimo*. É unha viaxe dolorosa ás entrañas, un proceso de autoconecemento que desemboca na soidade existencial e na saudade, pois nada pode aliviar o desamparo do ser humano.
- O libro *Varia* mostra a complexidade do existir e aborda especificamente as relacións amorosas da muller e os problemas que estas enfrontan.



- Os poemas son máis breves que en *Cantares* e conteñen combinacións métricas pouco rixidas, por veces insólitas e sorprendentes. Créase así un ritmo entrecortado, abrupto, que se adecúa aos sentimentos de angustia, desasosiego, etc.
- É unha obra innovadora por múltiples aspectos: o ideolóxico, o métrico, o simbólico e tamén o temático: demostra a capacidade do idioma galego para expresar aqueles temas considerados máis fondamente humanos, como as inquietudes existenciais.

## 2. Curros Enríquez e Eduardo Pondal

Os outros dous grandes rexurdimentistas só cultivaron o intimismo de xeito circunstancial ou tanxencial e non atenderon practicamente o amor paixón. Porén, curiosamente, o primeiro poema de Curros, "[Cántiga](#)", trata a separación dos amantes.

### 1. O Curros intimista (excepcional)

A maior parte dos poemas de Curros son sociais, amosan unha preocupación constante por combater as inxustizas que se cometen coas clases populares: control da propiedade da terra, impostos, levas... Os textos costumistas e os intimistas son a excepción.

Curros, defensor dunha poesía comprometida, só compuxo media ducia de poemas intimistas, elexíacos e derivados de impactos emocionais, nos que troca a lira combativa por outra subxectiva. Foron incorporados a *Aires da miña terra* (1880, reeditado e ampliado en anos sucesivos) ou posteriormente á Obra completa.

- A) **Composicións que parten de sucesos do ámbito familiar:**
  - “Ben chegado”: celebración do nacemento do seu primoxénito.
  - As elexías “¡Ai!” e “Na morte de miña nai”, nas que enfronta o falecemento dun fillo, nun caso, e da nai, no outro.
- B) **Composicións sobre a angustia, a soidade e o sentido existencial:**
  - “Tempro deserto”: poema confesional sobre a vivencia angustiosa da fe.
  - “Sola”: elexía que canta a soidade dunha moza solicitada pola súa fermosura en vida e morta en plena mocidade, a partir do cal se reflexiona sobre a fugacidade da vida e a procura do sentido da morte.
  - “A Rosalía”: desde unha visión onírica do vagar da poeta, lamenta a orfandade radical e denuncia o seu mal fado.

### 2. Pondal: lirismo ao servizo dunha poesía de alento patriótico

- A poesía de Pondal é abertamente cívica (ou política no sentido orixinario), responde aos ideais do rexionalismo (ou protonacionalismo) e enraíza nas orixes históricas e míticas do pobo galego.
- A perspectiva que adopta o 'eu' é a do bardo consciente e revela unha concepción da poesía como himno que prepare os compatriotas para o combate.
- A súa estética formalista é moi persoal, sen concesións ao costumismo realista, tanto en *Queixumes dos pinos* (1886) como en *Os Eoas* (2005).

A perspectiva propiamente lírica, practicamente reducida á vivencia da paisaxe e ao desexo, subordínase ao papel cívico que asume o bardo.

- **A identificación coa natureza.** A natureza salvaxe adquire valor simbólico desde unha concepción precristiá e panteísta do mundo: a memoria das árbores, a liberdade das aves... Así mesmo, a paisaxe agreste convértese en confidente e refuxio ante a incomprensión da que é vítima o bardo. Nesa liña, a forza e o pulo libre dos elementos da natureza chegan a reflectir o estado anímico do bardo.

Daquela, os elementos naturais da paisaxe bergantiñá presentan múltiples papeis na poesía de Pondal: constitúen o escenario épico, preséntanse como transmisores do pasado glorioso, son refuxio e confidentes do bardo e asemade reflecten o espírito deste coa súa grandiosidade e forza.

- **A ollada misóxina.** A figura feminina pode aparecer idealizada (como heroína guerreira ou fada) ou ben ser obxecto de desexo sexual e de posesión violenta.